

ELAS DECIDEN

ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

AVALIACIÓN



arabías

ÍNDICE

1. UN CAMIÑO PARA O ELAS DECIDEN 2021	2
ESTE DOCUMENTO	3
ELAS DECIDEN É	4
O QUE PASOU NO ELAS DECIDEN	6
AS PERSOAS QUE HABITARON O ELAS DECIDEN	10
2. ESTA AVALIACIÓN FINAL	13
PARA QUE?	13
QUE E COMO?	14
3. AS PARADAS NO CAMIÑO	15
PARADA R1	16
PARADA R2	26
PARADA R3	32
PARADA R4	56
4. CARA ONDE CAMIÑAR	64
RESULTADO 1	65
RESULTADO 2	66
RESULTADO 3	67
RESULTADO 4	69
5. A MODO DE PECHE	70

1. UN CAMIÑO PARA O ELAS DECIDEN 2021

(Introdución)

Elas Deciden viu a luz en terras galegas no ano 2020. Comezou como unha semente invisible na terra que se fixo planta e comezou a medrar arroupada coa forza das voces que a acompañan. No seu seo, gardaba a vontade de contribuír á loita global das mulleres polos seus dereitos, especialmente os sexuais e reprodutivos, dende unha perspectiva feminista e decolonial a través de alianzas Norte-Sur.

Logo de completar o segundo ciclo de vida do proxecto que é planta, das experiencias, das aprendizaxes e das reflexións, xorde esta avaliación. E nel observamos a planta coas súas ramas e follas medradas e fortalecidas. Agora é o momento de observalas, miralas con atención para indagar cal foi o seu ciclo de vida neste ano, como foi que evolucionaron e como foi que se debilitaron.

Como apuntabamos na liña de base, todas as sementes teñen a súa historia, e por tanto, resulta necesario coñecer o seu pasado para entender o presente e construírmos un futuro con forza. O Elas deciden comezou sendo semente mais agora xa é planta e garda na súa memoria a historia do camiño que lle tocou facer.



ESTE DOCUMENTO

A razón de ser de calquera avaliación é analizar e estudar o que aconteceu, para así identificar os puntos fortes e febles que nos axuden a redefinir o futuro. Desta maneira, ofrece a valoración ou medición de todos os indicadores contemplados na liña de base e posibilita un deseño acaído do futuro do *Elas Deciden*.

Neste documento vas atopar varios apartados para comprender e dimensionar o escenario inicial do proxecto *Elas deciden 2021*.

1 UN CAMIÑO PARA O ELAS DECIDEN

Abordamos o proxecto do *Elas Deciden*, achegándonos aos seus inicios, para situarnos no seu punto de partida, e abordando tamén aspectos vertebrais que nos axudan a coñecer a súa traxectoria e as persoas que habitaron este traxecto.

2 ESTA AVALIACIÓN FINAL

Presentamos aspectos metodolóxicos para entender como elaboramos este informe, así como cales foron os retos atopados.

3 AS PARADAS NO CAMIÑO

Presentamos os resultados do traballo de campo divididos nas tres paradas do camiño, que se corresponden cos catro resultados que vertebran este proxecto. Amosamos unha descrición do momento actual do *Elas Deciden*, realizando unha revisión metodolóxica que produce resultados sobre o sistema de indicadores e que actualiza a información sobre a poboación diana do proxecto.

4 CARA ONDE CAMIÑAR

Elaboramos un esquema a partir do traballo de campo e a análise da información onde expoñemos as maiores conclusións ás que chegamos coa liña de base.

5 A MODO DE PECHE

Enumeramos unha serie de recomendacións que consideramos importantes para definir camiños futuros para o *Elas Deciden*.

ELAS DECIDEN É

Na liña de base facíamos referencia aos grandes eixos de acción deste *Elas Decide*. Porén, entre a liña de base e esta avaliación, o proxecto viviu unha modificación que afectou a algún destes eixos.

A continuación facemos referencia aos eixos sinalando aqueles que se modificaron:

1 Formación para a comunidade educativa

Formación e acompañamento ao profesorado co obxectivo de mellorar os seus coñecementos e actitudes sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

- Formación sobre promoción da equidade de xénero con enfoque de dereitos, nomeadamente os Dereitos Sexuais e Reprodutivos dirixida ao profesorado así como acompañamento para a súa implementación. Esta formación toma como referencia a guía didáctica “En deuda con todas”, elaborada no marco do “Elas deciden” 2020.
- Revisión e actualización da guía metodolóxica “En deuda con todas”.
Incorporado na reformulación.
- ↓ **Suprimido na reformulación.** *Participación no Foro Galego de Educación en Igualdade, un espazo de encontro entre o profesorado interesado na materia e no que participan tanto a Secretaría Xeral de Igualdade como a Asesoría de Igualdade da Consellería de Educación.*

2 Formación para axentes chave

Formación para axentes chave co obxectivo de fortalecer as súas capacidades no ámbito da cooperación internacional con enfoque de xénero.

- Formación sobre “Promoción da equidade de xénero con enfoque de Dereitos” dirixida a alumando, PDI e PAS universitario en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.
- Formación sobre “Creatividade para a transformación social” dirixida a axentes chave.

3 Sensibilización e incidencia social

A través do Artivismo feminista

- Encontro entre artistas galegas e salvadoreñas.
- Realización dunha campaña explicativa sobre artivismo.
- Realización dunha cartografía social que recolla colectivas que practican artivismo feminista en Galiza, seguindo exemplos que nos chegan de países do Sur.

A través doutras actividades de sensibilización

- Proxección do documental.
- Participación nun proceso colectivo e artístico que visibilice as mulleres.
Incorporado na reformulación.
- ↓ *Elaboración dunha axenda feminista xunto a un colectivo feminista aliado.*
Suprimido na reformulación.

4 Comunicación

- O proxecto inclúe un eixo transversal de comunicación e difusión para o cambio social, que comprende diferentes actividades que teñen como obxectivo lograr un alto impacto na poboación xeral, tales como unha charla aberta ou unha campaña en redes sociais.



O QUE PASOU NO ELAS DECIDEN


Neste apartado referenciamos as diferentes accións desenvolvidas ao longo da execución do proxecto organizadas nos diferentes resultados previstos:

R1

MELLORADOS OS COÑECEMENTOS E ACTITUDES DO PROFESORADO SOBRE DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS



FORMACIÓN PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA



R2

FORTALECIDAS AS CAPACIDADES DE AXENTES CHAVE NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL CON ENFOQUE DE XÉNERO



FORMACIÓN PARA AXENTES CHAVE



R3

CONTRIBUÍDO Á SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL SOBRE FEMINISMOS E DEREITOS DAS MULLERES A TRAVÉS TANTO DO ARTIVISMO COMO DOUTRAS ACCIÓNS



SENSIBILIDADE E INCIDENCIA

REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA EXPLICATIVA SOBRE ARTIVISMO

De Xaneiro a Abril 2022

CARTOGRAFÍA SOCIAL DE ARTIVISMO FEMINISTA EN GALICIA

De Xaneiro a Xullo 2022

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL SOBRE DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS E A LOITA FEMINISTA EN REPÚBLICA DOMINICANA

Xuño e Xullo 2022

PARTICIPACIÓN NO PROCESO CREATIVO "UTÓPICAS. ARTE E TERRITORIO".

De Xuño a Outubro 2022

ELABORACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN SOBRE O PROCESO.

Outubro, Novembro 2022

R4

**FOMENTADA A COORDINACIÓN E ANÁLISE
DO PROXECTO DE CARA A SÚA VISIBILIDADE
E SUSTENTABILIDADE**



**XESTIÓN, COORDINACIÓN
COMUNICACIÓN E AVALIACIÓN**



AS PERSOAS QUE HABITARON O ELAS DECIDEN

O Elas deciden é un proxecto liderado por ACPP que conta con varias ramas. Cada unha desas ramas, conta co apoio de persoas e colectivos diversos.

ASISTENCIAS TÉCNICAS COLECTIVOS, ENTIDADES E PROFESIONAIS

Para concluír, cómpre sinalar que todos os servizos técnicos cos que se pretende contar están liderados por mulleres o cal, sendo este un proxecto cun enfoque de xénero tan explícito, convén destacar.

Atalaias S.Coop.Gal

Aporta a este proxecto a formación dirixida ao profesorado

É unha entidade de iniciativa privada con ampla experiencia e formación no eido socioeducativo e na integración do enfoque de xénero nos procesos pedagóxicos e comunitarios. A súa esencia é o desenvolvemento de proxectos desde un enfoque de xénero e experiencia no acompañamento en procesos socioeducativos dirixidos á comunidade educativa. Neste proxecto suma esforzos a Noelia Darriba (educadora social, formadora en igualdade de xénero, prevención das violencias machistas, co-educación emocional e facilitadora en Terapia do Reencontro).

Otra Escuela, Luisa María Ocaña Muñoz e Yaneli García

Aporta a este proxecto o desenvolvemento e sistematización da formación "Creatividade para a Transformación Social"

É unha ONG colombiana que leva case vinte anos traballando pola construción de culturas de Paz en varias rexións de Colombia e outros países de América Latina. Destaca pola súa innovadora proposta metodolóxica e pedagóxica que levou ao seu equipo a especializarse no uso de linguaxes artísticos e lúdico-creativos nos procesos nos que intervéñen. En 2017 abriu unha sede en España (Madrid) co obxectivo de levar a cabo proxectos de cooperación Sur/Norte, levando os coñecementos e prácticas dende América Latina ao Estado español. As súas áreas de traballo son: investigación, xestión cultural, procesos formativos e asesorías e comunicación nos campos temáticos de transformación positiva de conflitos, equidade de xénero, acompañamento psicosocial e innovación pedagóxica.

Xiana Iglesias Villaverde

Aporta a este proxecto a xestión da comunicación e da difusión, desenvolvendo as campañas en redes sociais

É xornalista e técnica de artes gráficas. Ten ampla experiencia como xornalista e tamén coordinou proxectos de intervención social vencellados á dinamización cultural e á etnografía. Por tanto, consideramos que combinar estas dúas facetas resulta positiva para a comprensión da dimensión social do proxecto máis alá do meramente comunicativo.

Conxenia, Marta Conde

Aporta a este proxecto o deseño gráfico e a maquetación do material, tanto para as publicacións como para a campaña nas redes.

É o proxecto de Marta Conde, deseñadora gráfica, emprendedora e mamá de Rosalía. Conxenia, é unha marca responsable e consciente que se implica con honestidade e profesionalidade en cada proxecto. Marta emprega as súas habilidades creativas para promover produtos e marcas auténticas nas que cree.

COLECTIVOS E PROXECTOS FEMINISTAS GALEGOS

Nesta ocasión o proxecto fixo rede con diferentes colectivos e proxectos galegos a través de dúas estratexias que teñen un fio condutor: establecer alianzas entre colectivos feministas galegos e do sur. Por unha banda, o colectivo feministas de Catoira promoveu unha actividade e o resto formou parte da actividade da Cartografía Social de Artivismos

Colectivo feminista de Catoira

Unha organización feminista activista que nace en 2020 coa intención de loitar pola igualdade dende o ámbito local. Trátase dun colectivo transversal formado por persoas de diferentes idades que centran as súas reivindicacións na incidencia política feminista.

7h Cooperativa Cultural

Proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Aspiran a xerar un modelo de participación que, desde a educación artística, a creación contemporánea e a comunicación cultural fomenta o diálogo, o recoñecemento e a visibilización da diversidade cultural

Proxecto Xerminando

Proxecto EcoFeminista para liberar ás mulleres, aos animais e á terra da destrución que causa o patriarcado. Comezando pola divulgación doutras formas de facer. Ollando recursos en lugar de refugallos. Mostrando como transformalos en cousas útiles para o noso día a día. En especial compresas menstruais reutilizables para rachar co tabú e non rachar coa natureza!

Mulleresgalegas

Unha ferramenta para organizar as súas investigacións persoais sobre distintas mulleres da Galiza, e acabou por convertela nun proxecto de divulgación para dar a coñecer o labor silencioso de moitas destas mulleres que axudaron a construír o país e a nosa identidade nacional. Ten o obxectivo de visibilizar ás mulleres na historia de Galicia e achegar referentes propios que nos inspiren.

Seteportas-Altair

Un espazo educativo no que o xogo libre e a pedagogía serven de ferramentas para o desenvolvemento integral das persoas. A través da educación baseada en proxectos, constitúense como un espazo para o desenvolvemento integral das persoas. Defenden o voluntariado e o asociacionismo como ferramentas de cambio social e de traballo polo ben común.

Ffotoeduca

Un proxecto laboral e activista de educación feminista a través da fotografía participativa, que é unha disciplina baseada no uso da imaxe e o diálogo como ferramentas para a reflexión, aprendizaxe e acción individual e colectiva. Coa fotografía como base explora diferentes temáticas de interese, dende unha perspectiva de xénero e interseccional.

Taller de Polo

Un obradoiro de artes plásticas onde aprender e explorar distintas técnicas, achegarse ao mundo da arte e iniciar procesos creativos.

Artemisa Semedo

Artista afrogalega, poeta, performer antirracista e socióloga de formación. Tamén imparte talleres de escritura creativa vivencial.

TecEndo, artistas con endometriose

O proxecto "TecEndo, artistas con endometriose" está impulsado dende Galicia e Cataluña por Neves Seara (artista e xestora cultural), Verónica Ramilo (sexóloga e fotógrafa) e Ainara Díaz Cots (mediadora artística). Forman parte tamén da Asociación Querendo, mulleres con endometriose.

COLECTIVOS FEMINISTAS DO SUR

Nesta ocasión o Elas Deciden concentra forzas en establecer redes de incidencia para sensibilizar sobre a situación dos dereitos das mulleres do Sur. A través da colaboración de tres colectivos promocionan a actividade da Cartografía Social de Artivismo, poñendo énfase na valía da arte como ferramenta de transformación social. Ao mesmo tempo o colectivo de Hip Hop Feminino do Salvador, unha vez máis, viaxa até as nosas terras para enviar mensaxes feministas a viva voz a través da súa música.

Hip Hop Feminino El Salvador. Jennifer Rivas e Yezli Mic

Como integrantes de Hip Hop Femenino El Salvador, ambas dedícanse, xunto ás súas compañeiras, a impartir foros, charlas, talleres e concertos sobre os Dereitos Humanos, as loitas sociais, a visibilización dos diferentes tipos de violencia cara a muller, á vez que mostran o Hip Hop como unha ferramenta para o activismo (Artivismo) e a promoción para a paz.

Fundación Forjando Juntos, Colombia

Unha entidade sen ánimo de lucro, creada con fins sociais. traballa co propósito de fortalecer a construción, fortalecemento e consolidación de procesos que apunten ao desenvolvemento económico, social, cultural e político de persoas colombianas dentro dun marco pacífico e democrático.

Colectiva Feminista, El Salvador

Unha entidade que traballa da man de líderes mulleres no territorio onde se lles acompaña no posicionamento e participación de procesos na defensa do dereitos humanos.

2. ESTA AVALIACIÓN FINAL

(Metodoloxía)

PARA QUE?

Este informe avaliativo conta con varios propósitos ou obxectivos:

- ↓ Analizar a pertinencia do proxecto en relación ás necesidades do contexto.
- ↓ Complementar o procedemento de seguimento do proxecto cunha visión externa durante a execución das accións.
- ↓ Valorar o grado de cumprimento do obxectivo específico e dos resultados (segundo os indicadores e cronograma programados na matriz de planificación do proxecto e segundo a liña de base prevista no marco do proxecto).
- ↓ Avaliar o grado de satisfacción e cumprimento de expectativas das persoas participantes.
- ↓ Valorar a capacidade de xestión de ACPP en relación ao proxecto.
- ↓ Estimar e analizar os principais logros e debilidades do proxecto.
- ↓ Identificar retos para transformalos en liñas de acción que alimenten o futuro. Elas deciden.

QUE E COMO?

A metodoloxía utilizada parte da investigación cun enfoque cuantitativo e cualitativo, en tanto que combinamos unhas técnicas e outras co obxectivo de crear espazos de reflexión que faciliten a futura transformación social.

As fases deste proceso foron:

1. Revisión da documentación

Revisión da documentación do proxecto facilitada por ACPP.

2. Deseño metodolóxico

Deseño de técnicas e instrumentos para aplicar no traballo de campo

3. Traballo de campo

Mesa de traballo participativa
Cuestionarios online
Entrevista

4. Sistematización da información

- Análise da información.
- Elaboración do documento final.

3. AS PARADAS NO CAMIÑO

(Resultados)

Na liña de base soñabamos cos froitos do Elas deciden. Uns froitos que eran os resultados xa pensados para o proxecto no momento antes de que a semente tocase a terra. Tamén imaxinabamos a semente medrando a través do tallo, despregando as ramas cos eixes de acción, nas que nacerían as follas e as flores, en forma de actividades. Neste punto, o futuro xa foi presente e agora toca mirar atrás e observar con paso lento as paradas do camiño dunha semente que xa é planta.

Neste segundo apartado da avaliación, analizamos ao detalle os resultados do proxecto. Para facelo, partimos do que se planificou e profundamos no que se fixo, analizando o nivel de consecución dos indicadores a través da información cualitativa e cuantitativa obtida no traballo de campo.



PARADA R1

Mellorados os coñecementos e actitudes do profesorado sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

O que se planificou

Indicadores

IOV-1.1.: Unha formación dirixida ao profesorado inserida no Plan Anual de Formación do Profesorado 2021-2022 da Consellería de Educación.

IOV-1.2.: 20 profesoras e profesores (70% mulleres) participan nunha formación específica. IOV-1.3.: No remate do proxecto, o 70% das participantes na formación recomendarían a outras persoas a súa realización.

IOV-1.4.: No remate do proxecto, o profesorado que participa incrementa a súa sensibilidade e os seus coñecementos sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.

IOV-1.5.: No remate do proxecto, actualizada a guía didáctica “En deuda con todas”.

IOV-1.6.: Ao finalizar o proxecto, cando menos seis centros ou entidades solicitan a guía didáctica.

IOV-1.7.: No remate do proxecto, o 70% do profesorado que empregou a guía didáctica considéraa moi pertinente.




Consideracións xerais de partida reflectidas na liña de base

- ↓ Cómpre fortalecer a captación de participación de máis docentes en xeral, e en particular de máis homes. Obsérvase como o perfil que chega a formación é de mulleres sensibilizadas que acceden a formación por un interese moi focalizado nos dereitos das mulleres, concretamente nos dereitos sexuais e reprodutivos. Aínda así, recoñecemos os hándicaps e dificultades actuais para lograr participación, a pandemia e os ritmos laborais aos que estamos sometidas non son boas aliadas.
- ↓ En xeral as dificultades máis graves identificadas para levar estes temas á rutina diaria teñen que ver coa falta de formación e a falta de coñecementos e metodoloxía. Este dato apunta á necesidade e pertinencia desta formación.
- ↓ Os temas onde se concentran as maiores necesidades formativas, de coñecementos e de metodoloxías son os ODS, a Axenda 2030, a lexislación sobre o aborto e a CEDAW.








O que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido


Cadro resumo

Logro	Indicadores
	IOV-1.1.: Unha formación dirixida ao profesorado inserida no Plan Anual de Formación do Profesorado 2021-2022 da Consellería de Educación.
	IOV-1.2.: 20 profesoras e profesores (70% mulleres) participan nunha formación específica.
	IOV-1.3.: No remate do proxecto, o 70% das participantes na formación recomendarían a outras persoas a súa realización
	IOV-1.4.: No remate do proxecto, o profesorado que participa incrementa a súa sensibilidade e os seus coñecementos sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.
	IOV-1.5.: No remate do proxecto, actualizada a guía didáctica “En deuda con todas”.
	IOV-1.6.: Ao finalizar o proxecto, cando menos seis centros ou entidades solicitan a guía didáctica.
	IOV-1.7.: No remate do proxecto, o 70% do profesorado que empregou a guía didáctica considéraa moi pertinente.

Detalle

IOV-1.1. Unha formación dirixida ao profesorado inserida no Plan Anual de Formación do Profesorado 2021-2022 da Consellería de Educación.

- Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e mesa de traballo.



Datos sobre a formación:

Actividade de formación dirixida fundamentalmente a profesorado de educación secundaria para abordar a promoción da equidade de xénero con enfoque de dereitos.

- Lugar: Casa Xohana Torres (Santiago de Compostela)
- Datas: os xoves 27 de xaneiro e 3,10 e 17 de febreiro
- Modalidade: mixta (16 h presencias + 4 h non presencias)
- Horario: 16.30-20.30

Obxectivos:

- Sensibilizar sobre a necesidade de abordar os Dereitos Sexuais e Reprodutivos como integrantes e inherentes aos Dereitos Humanos e para a consecución dos ODS (ODS 5).
- Construír coñecemento sobre saúde, educación sexo-afectiva e Dereitos Sexuais e Reprodutivos como inherentes aos Dereitos Humanos.
- Fomentar a participación e apoderamento do profesorado participante como multiplicadoras dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos.
- Elaborar de maneira participativa novas ferramentas reflexivas para o coñecemento e promoción dos Dereitos da mulleres, nomeadamente Dereitos Sexuais e Reprodutivos.
- Aumentar a base de profesorado comprometido coa promoción dos Dereitos Humanos, das mulleres e os ODS, significativamente o ODS 5.
- Cuestionar o sistema de discriminación e penalización xurídico ao que son sometidas as mulleres nos países onde o aborto é unha práctica ilegal.
- Ofrecer unha información clara, sinxela, directa e específica para evitar -corrixir mitos e crenzas erróneas que xeren rexeitamento e discriminación.

Información sobre o desenvolvemento

A través da mesa de traballo analizamos cales foron os resultados e as sensacións da formadora e da coordinadora técnica de ACPP. Neste espazo de traballo destácase un resultado non esperado, que ten que ver con que a participación do profesorado foi minoritaria e, en contrapartida, en maior medida acudiron profesionais do social. A diversidade do público supuxo un reto á hora de preparar e desenvolver a formación, aínda así houbo moi boa devolución por parte das asistentes, algo que satisfai á equipa.

Tendo en conta isto, tanto a educadora como a responsable técnica do proxecto, destacan algunhas reflexións para fomentar a futura participación do profesorado:

- O profesorado ten sobrecarga de traballo e non conta co tempo suficiente. Debemos poñer o foco na homologación da formación para obter méritos.
- É necesario fomentar estratexias para concienciar ás persoas participantes do financiamento público. En xeral, non se mostra responsabilidade cando a formación non ten “suposto custe”.
- Dende o plano da comunicaciónponse o foco en atopar as estratexias para atinar no público específico ao que se dirixen as actividades. Neste caso, é destacable que o número de inscritas profesoras foi moi elevado, mais logo non asistiron.
- Identifícase a necesidade de empregar canles institucionais cando se traballe co profesorado para garantir a súa participación (ex. traballar pola acreditación da Consellería de Educación).

IOV-1.2. 20 profesoras e profesores (70% mulleres) participan nunha formación específica.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP*

As persoas participantes **sumaron 8**, das cales **todas son mulleres**, agás unha que prefire non verbalizar como sente a súa identidade de xénero. En canto a súa situación profesional, tres delas son docentes, outras tres desenvolven o seu labor profesional no ámbito social, unha delas traballa nunha ONGD ou asociación e outra non aporta este dato.

IOV-1.3. No remate do proxecto, o 70% das participantes na formación recomendarían a outras persoas a súa realización.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: formulario de avaliación da formación “Promoción da equidade de xénero con enfoque de dereitos”*

A formación “Promoción da equidade de xénero con enfoque de xénero” contou con 8 mulleres participantes, 7 delas responderon ao cuestionario *postest* da formación. Seis destas persoas puntúan a formación cun 4 ou 5 nunha escala do 1 ao 5. Así, podemos afirmar que a meirande parte das participantes recomendarían esta formación a outras persoas.

IOV-1.4. No remate do proxecto, o profesorado que participa incrementa a súa sensibilidade e os seus coñecementos sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: formulario de avaliación da formación “Promoción da equidade de xénero con enfoque de dereitos”*

A formación “Promoción da equidade de xénero con enfoque de xénero” contou con 8 mulleres participantes, 7 delas responderon ao cuestionario *postest* da formación.

Na seguinte táboa mostramos o nivel medio formativo previo e posterior á sesión. Así, podemos valorar cal foi o incremento do nivel formativo e dos coñecementos relacionados con diferentes bloques de contidos que se abordaron na formación.

Observamos que o maior nivel de incremento concéntrase nos seguintes elementos temáticos: educación integral en sexualidade, CEDAW, lexislación sobre o aborto no Estado Español e metodoloxía socio afectiva. En contrapartida, os elementos temáticos onde o incremento é menor son os seguintes: ODS, Cidadanía Global ou Equidade de Xénero.

Deste xeito, observamos como varios elementos que foran identificados na liña de base como prioritarios foron os que obtiveron un aumento considerables, tales como a lexislación do aborto ou a metodoloxía socio afectiva.

	Promedio do nivel formativo previo ao obradoiro	Promedio do nivel formativo posterior ao obradoiro	Incremento de nivel de formación e coñecementos
Axenda 2030	3.29	3.86	0,57
ODS	3.29	3.71	0,42
Cidadanía global	3.29	3.71	0,42
Dereitos sexuais e reprodutivos	3.29	4.29	1
Violencia obstétrica	2.86	3.71	0,85
Despenalización do aborto	2.86	3.86	1
Educación integral en sexualidade	3.00	4.29	1,29
Equidade de xénero	4.00	4.43	0,43
Enfoque de dereitos	3.29	4.29	1
Comité para a eliminación da discriminación contra a muller (CEDAW)	2.43	3.71	1,28
Lexislación do aborto no estado español	3.14	4.29	1,15
Metodoloxía socio afectiva	2.86	4.00	1,14


IOV-1.5.: No remate do proxecto, actualizada a guía didáctica “En deuda con todas”.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP*

A actualización da guía transformouse finalmente na elaboración dunha infografía – cartelería (tipo póster, material gráfico para a difusión nos centros) onde expor o marco xeral dos ODS, a situación do aborto no Salvador e o resumo das actividades.

Este cambio foi planificado a partir do *feedback* do profesorado, xa que opinaban que eran moitas sesións e as súas demandas centralizábanse nun proceso de acompañamento ou titorización.

A infografía elaborada é a seguinte:



IOV-1.6.: Ao finalizar o proxecto, cando menos seis centros ou entidades solicitan a guía didáctica.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: entrevista con persoal de ACPP*

No marco do proxecto e dando continuidade á edición anterior do mesmo, o profesorado interesado na aplicación da guía didáctica puido solicitala por diferentes canles habilitadas para facelo.

Segundo a información recompilada, recibíronse un total de doce solicitudes

- ✿ Oito solicitudes a través do formulario online:
 - ✓ Tres educadoras de ámbitos fóra do escolar.
 - ✓ Unha educadora familiar.
 - ✓ Unha facilitadora de talleres en centros escolares.
 - ✓ Dúas mestras de Secundaria e unha orientadora.
- ✿ Dúas solicitudes de docentes a través do correo electrónico
- ✿ Dúas solicitudes de docentes vía Instagram

IOV-1.7.: No remate do proxecto, o 70% do profesorado que empregou a guía didáctica considéraa moi pertinente.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: entrevista con persoal de ACPP*

De cara a analizar este indicador non contamos cun soporte avaliativo, tipo entrevista ou enquisa co profesorado. Alén diso, a coordinadora destaca que houbo múltiples conversas co profesorado a través de xuntanzas e o teléfono.

Neste plano destaca que hai un pleno consenso en que a guía é moi pertinente. A nivel de implementación identificáronse en ocasións certas resistencias que teñen que ver coa identificación do tema cun “alto compoñente ideolóxico”, ou que o profesorado bateu con conflitos coas familias e non seguiu adiante coas sesións.

Cando se fai reflexión a nivel metodolóxico, destácase que parte do profesorado considerárona moi longa, as 9 sesións e o visionado do documental faise moi extenso para organizar en aulas.

PARADA R2

Fortalecidas as capacidades de axentes chave no ámbito da cooperación internacional con enfoque de xénero.

O que se planificou

Indicadores

IOV-2.1.: 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.

IOV-2.2.: No remate da formación, o alumnado participante mellora a súa sensibilidade e coñecemento sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.

IOV-2.3.: Editados e distribuídos 20 cartaces para a difusión da formación “Creatividade para a transformación social”.

IOV-2.4.: 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación “Creatividade para a transformación social”.

IOV-2.5.: Ao finalizar a formación, polo menos o 70% das persoas que participaron consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social a través da creatividade e o activismo.

Os indicadores formulados no proxecto como IOV-2.6 e IOV-2.7 mudáronse de localización na Liña de Base, pasando os mesmos ao R3.




Consideracións xerais de partida na liña de base

Este resultado ten que ven con dúas propostas formativas que están pechadas e deseñadas. No proceso de elaboración deste informe non foi posible acceder ás axentes ou poboación diana. Aínda así, facemos as seguintes recomendacións:






- ↓ Unha vez se concreten ás participantes será necesario facer un formulario *pretest* ou avaliación inicial para valorar o marco de coñecementos, intereses e expectativas con respecto á formación.
- ↓ Destaca a necesidade de realizar unha boa coordinación que garanta o establecemento dunha liña de acción conxunta para sumar esforzos.

O que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:	
	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Cadro resumo

Logro	Indicadores
	IOV-2.1.: 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.
	IOV-2.2.: No remate da formación, o alumnado participante mellora a súa sensibilidade e coñecemento sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.
	IOV-2.3.: Editados e distribuídos 20 cartaces para a difusión da formación “Creatividade para a transformación social”.
	IOV-2.4.: 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación “Creatividade para a transformación social”.
	IOV-2.5.: Ao finalizar a formación, polo menos o 70% das persoas que participaron consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social a través da creatividade e o artivismo.

Detalle

IOV-2.1. 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e entrevista.*

Realizáronse dúas convocatorias para esta formación e en ningunha delas se obtivo un mínimo de inscricións. Por esta razón, a actividade non se puido realizar.

IOV-2.2. No remate da formación, o alumnado participante mellora a súa sensibilidade e coñecemento sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos e educación sexo afectiva con enfoque de Dereitos.


↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e entrevista.*

Este indicador non se pode analizar ao non terse realizado a formación.

IOV-2.3. Editados e distribuídos 20 cartaces para a difusión da formación “Creatividade para a transformación social”.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e entrevista.*

Para dar difusión á formación editouse un cartaz que incluimos a continuación. Este cartaz foi difundido en diferentes canles estratéxicas, especialmente nas redes sociais vinculadas a ACPP.



IOV-2.4. 20 persoas – 60% mulleres – participan na formación “Creatividade para a transformación social”.

↓ Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación.

Esta formación contou con **15 persoas**, das que máis do **60% eran mulleres**.

IOV-2.5. Ao finalizar a formación, polo menos o 70% das persoas que participaron consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a transformación social a través da creatividade e o artivismo.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Formulario de postest da formación e entrevista co persoal de ACPP*

Nesta ocasión soamente conseguimos que tres das quince persoas que participaron da formación responderan ao formulario. Consideramos este marco insuficiente como para facer unha análise exhaustiva da percepción das participantes en relación a formación. Alén disto, expoñemos a continuación un pequeno comentario sobre os resultados obtidos.

- O **nivel de satisfacción en xeral da formación** destas tres persoas foi moi elevado, alcanzando unha puntuación de 4,75 sobre 5.
- O **nivel de satisfacción sobre as metodoloxías** utilizadas na formación destas tres persoas foi moi elevado, alcanzando unha puntuación de 4,75 sobre 5.
- As tres persoas afirman que **adquiriron ferramentas metodolóxicas e conceptuais**, especialmente destacan as metodoloxías socio afectivas e a conexión da comunicación a través da arte.

PARADA R3

Contribuído á sensibilización e incidencia social sobre feminismos e dereitos das mulleres a través tanto do activismo como doutras accións.

O que se planificou

Indicadores

IOV-3.1.: Realizada campaña explicativa sobre activismo.

IOV-3.2.: Cando menos tres colectivos de activismo do Sur participan da campaña.

IOV-3.3.: Elaborada unha cartografía social de activismo feminista en Galiza.

IOV-3.4.: Realizada unha presentación pública da cartografía nalgún espazo de incidencia social.

IOV-3.5.: Proxectado o documental sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos en República Dominicana en coordinación cunha organización feminista aliada.

IOV-3.6.: Participado nun proceso colectivo e artístico que visibilice ás mulleres.

IOV-3.7.: Realizada unha presentación pública do proceso creativo.

IOV-3.8. (antes IOV-2.6.): Realizado un encontro entre activistas salvadoreñas e galegas.

IOV-3.9. (antes IOV-2.7.): Cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita ou radio) reportando o encontro de activistas.

Modificación do proxecto:

É necesario facer referencia a que entre a LB do proxecto e a avaliación se produciu unha modificación substancial do proxecto que afectou aos indicadores IOV- 3.6 e 3.7. A redacción inicial dos indicadores era a seguinte:

IOV-3.6.: Elaborada unha axenda feminista en coordinación cunha organización feminista aliada.




IOV-3.7.: Realizada unha presentación pública da axenda feminista nalgún espazo de incidencia social.

Consideracións xerais de partida na liña de base










- ↓ Cómpre ter en conta en relación a este resultado que o uso do termo *artivismo feminista* non é habitual nos colectivos e entidades relacionadas co mundo do arte e do feminismo galego. Este termo na actualidade está sendo usado principalmente desde entidades vencelladas coa cooperación internacional ao desenvolvemento que traballan con países do Sur como é o caso da propia ACPP ou outra entidade como Implicadas no desenvolvemento. Neste senso, considérase necesario poñer esforzos na actividade 1.3.1.: Realización dunha campaña explicativa sobre artivismo de cara a posibilitar o achegamento do propio termo.
- ↓ Aínda que non se estea a empregar o termo si se observa o desenvolvemento de accións de activismo feminista que empregan o arte así como accións artísticas con base no feminismo en terras galegas. Estas accións poderían enmarcarse dentro do termo artivismo feminista polo que o reto do proxecto está en conseguir achegar o termo e posicionar o seu uso entre os colectivos.
- ↓ Identifícanse dúas tipoloxías de entidades aliadas do proxecto para o proceso de cartografía social:
 - Colectivos feministas que aínda que non estean a empregar a arte como ferramenta no seu activismo, poidan ter interese en facelo
 - Colectivos vencellados ao mundo do arte que traballan a prol do feminismo.
- ↓ Considérase que a súa participación pode achegar información clave para o proxecto en dous sentidos:
 1. Artivismo feminista: coñecer se no marco do seu traballo empregan de maneira consciente arte, feminismo e activismo. En caso afirmativo, posibilitará a cartografía das súas accións baixo o paraugas do artivismo feminista. En caso negativo, será necesario presentar o propio termo para valorar se algunha das súas propostas encaixa nese marco.
 2. Outras entidades: identificar outros colectivos do mundo do arte cos que colaboran e que poidan entroncarse ou ter interese no artivismo feminista.

O que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:	
	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non conseguido

Cadro resumo

Logro	Indicadores
	IOV-3.1.: Realizada campaña explicativa sobre activismo.
	IOV-3.2.: Cando menos tres colectivos de activismo do Sur participan da campaña.
	IOV-3.3.: Elaborada unha cartografía social de activismo feminista en Galiza.
	IOV-3.4.: Realizada unha presentación pública da cartografía nalgún espazo de incidencia social.
	IOV-3.5.: Proxectado o documental sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos en República Dominicana en coordinación cunha organización feminista aliada.
	IOV-3.6.: Participado nun proceso colectivo e artístico que visibilice ás mulleres.
	IOV-3.7.: Realizada unha presentación pública do proceso creativo.
	IOV-3.8. (antes IOV-2.6.): Realizado un encontro entre activistas salvadoreñas e galegas.
	IOV-3.9. (antes IOV-2.7.): Cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita ou radio) reportando o encontro de activistas.

Detalle

IOV-3.1.: Realizada campaña explicativa sobre activismo.

- ↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e redes sociais*

A continuación mostramos unha recensión sobre o traballo audiovisual realizado:

24 de marzo 2022. Vídeo explicativo activismo explicado por parte de Otra Escuela e Fundación Forjando Juntos

- Vídeo que incorpora a explicación da experiencia de Otra Escuela e Fundación Forjando Juntos, Colombia.
- 37 reproducións na canle de youtube.



29 de marzo de 2022. Vídeo de chamando á participación para a campaña de Activismo.

- Vídeo que incorpora unha explicación sobre o que é o activismo e o formulario de adhesión á campaña.
- 104 reproducións na canle de youtube.




5 de abril de 2022. Vídeo explicativo sobre a experiencia do sur de Colectiva Feminista, El Salvador.

- Vídeo onde se explica a experiencia a través das voces das súas protagonistas.
- 41 reproducións na canle de youtube.



12 de abril de 2022. Vídeo explicativo sobre a experiencia do sur de Yezli Mic e Queen Rap, de Hip Hop Femenino El Savador.

- Vídeo onde se explica a experiencia a través das voces das súas protagonistas.
- 36 reproducións na canle de youtube.



2 de xuño de 2022. Vídeo explicativo sobre a experiencia artista galega "Tecendo endometriose"

- Vídeo onde se explica a experiencia a través das voces das súas protagonistas.
- 62 reproducións na canle de youtube.



IOV-3.2.: Cando menos tres colectivos de activismo do Sur participan da campaña.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: revisión documental e mesa de traballo.*

Os tres colectivos que participaron do vídeo explicativo da campaña de activismo foron:

- Formación Forza no futuro - Colombia
- Hip-hop feminino – El Salvador
- Colectivo feminista - El Salvador

A participación de colectivos feministas do Sur é un compoñente importante nesta edición de *Elas Deciden*, mais o equipo técnico do proxecto tamén confesa que a relación e identificación de aliadas no Sur foi complexa por varios motivos.

Foi un reto amosar a diversidade de varios países, finalmente non se contou con representación de República Dominicana, que era a intención inicial. Estas dificultades derivan da falta de previsión ou de relación previa, neste senso apúntase a necesidade de planificar con máis tempo para que os colectivos poidan incluír este tipo de actividades nas súas planificacións.

Con todo, destácase o potencial destas sinerxías e a necesidade de apostar con elas dende un prisma coidado e dedicándolle tempo.

IOV-3.3.: Elaborada unha cartografía social de activismo feminista en Galiza.


↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación, redes sociais e mesa de traballo.*

A continuación mostramos dous enlaces onde se mostran os resultados da cartografía social, un fai referencia a unha presentación da mesma e outra o resultado final situado no mapa de Galiza.

Enlace á presentación online da cartografía na plataforma prezi



Enlace á cartografía social



Este indicador foi abordado na mesa de traballo realizada, onde se identificaron diferentes cuestións por parte das integrantes.

Por unha banda, identificáronse diferentes puntos febles para reflexionar e fortalecer en vindeiras ocasións:

- ↓ É posible que fallase a identificación realizada no proxecto, tería sido necesario elaborar un mapeo para valorar a rede real que ten ACPP para abordar cuestións relacionadas coa arte.

- ↓ Valórase que esta actividade puido dar a “sensación” de que desde ACPP se estaba a abordar un tema que non era propio da entidade.
- ↓ Durante a súa realización houbo un sentir de soidade por parte de ACPP.
- ↓ Percibíronse resistencias tanto por parte de entidades do mundo do arte como dos activismos a participar nunha cartografía elaborada desde unha ONGD como é ACPP.
- ↓ O obxectivo de realizar a cartografía era o de mapear para tender nun futuro alianzas coas entidades e colectivos identificados. Valórase que era necesario telo feito xustamente ao revés, crear alianzas previas que permitisen a súa realización.

Por outra, na mesa de traballo púxose o foco nalgunhas propostas de mellora nesta actividade:

- Identificación previa de posibles aliadas.
- Tándem da man doutra entidade que teña experiencia neste ámbito para dinamizar unha actividade deste perfil. Así, a ruta para o futuro podería ser establecer esta alianza para comezar co mapeo.
- Tomar conciencia do papel que ocupa ACPP como ONGD e, polo tanto, reflexionar sobre as resistencias que ten o activismo á hora de ir da man.
- Utilizar unha linguaxe máis divulgativa á hora de comunicar este tipo de actividades, xorden dúbidas de se realmente os colectivos estaban a comprender o obxectivo da campaña, o “para que?”.
- Pensar nun produto – resultado final e tanxible como recompensa para quen participe (ex. unha publicación que dea visibilidade a ditos proxectos, un banco de boas prácticas).
- Traballar con asociacións e colectivos conleva riscos, as estruturas son febles e por tanto é posible que a colaboración sexa inestable.
- Percíbese como necesario seguir no futuro con esta actividade, os colectivos que participaron merecen unha continuidade.

IOV-3.4.: Realizada unha presentación pública da cartografía nalgún espazo de incidencia social.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e entrevista a persoal técnico de ACPP*

A presentación pública da Cartografía social sobre artivismo foi pensado coma un encontro para seguir tecendo rede con colectivos e persoas que empregan a súa voz creativa para a transformación social.

A presentación tivo lugar o Mércores 29 de xuño, ás 19.30 horas na Casa Xohana Torres, en Santiago de Compostela.

O cartaz para a difusión da xornada foi o seguinte:



Na participaron as persoas que formaron parte do proceso e tamén a equipa de Illa Bufarda que a desenvolveu. Durante a mesma, as persoas participantes repasaron o proceso feito, reflexionaron sobre o termo activismo e comezaron a imaxinar novos camiños para facer medrar este proxecto que combina feminismo, arte e activismo.

A presentación rematou coa estrea do novo vídeoclip do tema de **Hip Hop en Femenino**. Este tema, *No apagarán mi fuego*, foi gravado no Centro Xove da Almáciga no marco das actividades desenvolvidas no proxecto durante a súa visita no mes de novembro para o Encontro entre activistas salvadoreñas e galegas.

A continuación amosamos unha imaxe da presentación:



IOV-3.5.: Proxecto o documental sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos en República Dominicana en coordinación cunha organización feminista aliada.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e entrevista a persoal técnico de ACPP*

No marco do proxecto de cooperación exterior. “Mellora dos mecanismos locais e nacionais dirixidos á atención integral e promoción dos DDHH y dereitos das mulleres, nos municipios de San Cristóbal e Haina, provincia de San Cristóbal, República Dominicana” estaba previsto realizar un documental sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos no país caribeño e da loita feminista polas “tres causales” para a despenalización do aborto.

O documental "**Garantía de vida**" foi realizado por **Agareso** e conta coa coprodución de ACPP. Pon o foco na vulneración de Dereitos Sexuais e Reprodutivos das nenas e mulleres de República Dominicana por mor dunha lexislación totalmente restritiva que impide a interrupción do embarazo baixo todos os supostos xunto cunha escasa educación sexual. Así mesmo, o documental tamén segue de cerca o movemento feminista dominicano que reclama leis que protexan a dignidade e saúde das nenas e mulleres.

O obxectivo de proxectar o documental en Galicia era o contribuír á incidencia política e social dos colectivos que loitan polos dereitos das mulleres dominicanas. Así mesmo, tamén interesaba realizar un visionado en colectivo de cara intercambiar reflexións e construír coñecemento colectivo e manter o achegamento de ACPP a colectivas feministas a nivel galego coas que xa se iniciou colaboración no marco do *Elas deciden 2020*.



Presentación:

Nas xornadas de Cinema Rabudo, nos Cines Compostela (Santiago de Compostela) o martes 23 de novembro ás 20 horas.



MARTES 23.11 - 20.00 h
Garantía de Vida
(44', República Dominicana/España)
producido por AGARESO, IDAC e ACPP.



Proxeccións:

No Vello Cárcere de Lugo, venres 4 de Marzo de 2022 ás 20:30 horas.



No auditorio de Catoira, venres 11 de Novembro de 2022 ás 19:30 horas. Proxección en colaboración con Feministas de Catoira.



Reflexión

Esta actividade é a que se sitúa en maior medida na “zona de confort” para ACPP; foi a que resultou máis doada polo tanto. As colaboracións coas entidades feministas do rural non acabaron de “callar”, senón que máis ben foron colaboracións puntuais.

IOV-3.6.: Participado nun proceso colectivo e artístico que visibilice ás mulleres.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación, mesa de traballo e entrevista a persoal técnico de ACPP.*

ACPP foi parte do proxecto **“Utópicas. Arte e territorio”**, producido polo **Auditorio de Galicia** e deseñado e dinamizado por **7H Cooperativa Cultural** e que reivindica a importancia da cultura para fomentar vínculos comunitarios seguindo o formato dos laboratorios cidadáns. O seu obxectivo era o de situar á cidadanía de Compostela no centro da produción artística e comisarial e converter a institución nun lugar de participación, pensamento e acción cultural.

O proxecto comezou no mes de marzo do ano 2022 propoñendo unha convocatoria de ideas aberta á cidadanía a que se presentaron trinta propostas das que foron cinco as seleccionadas: Rúas da memoria, Corpos en Resistencia, Libros que fan barrio, Percorrendo a memoria e Na procura dun bosque.

Cada un deles traballou entre os meses de xuño e outubro para deseñar e executar de forma colaborativa as súas iniciativas. Nos procesos de traballo, as súas integrantes asumiron o rol de creadoras, comisarias e axentes culturais, rachando co esquema creador (artista profesional) - receptor (cidadán), e desenvolveron diversas accións de investigación e creación que ampliaron os marcos da comunidade implicada no proxecto, ocupando e tecendo redes co espazo público.

Raquel López Fernández, responsable de Elas deciden en ACPP, foi parte da iniciativa Rúas da memoria xunto a Natalia Agraso Fábregas, Julia González Yáñez e Encarna Otero.

A mesma consistiu nun laboratorio de investigación, transmisión e difusión do traballo feminino na industria de Santiago que nace dentro de Utópicas como resposta a un baleiro: a ausencia de mulleres no relato sobre a memoria económica da cidade.

Tras un proceso de reflexión e investigación documental que evidenciou os paralelismos entre a destrución material e arquitectónica das fábricas e o descoñecemento sobre o papel das mulleres nelas, as integrantes deste equipo realizaron encontros e entrevistas grupais a un grupo de traballadoras de Cuétara, Leyla Española e Manufacturas Geyfe, empresas representativas dos diferentes espazos fabrís xa desaparecidos con maioría feminina no seu cadro de persoal. Os seus testemuños, memoria viva dun capítulo esquecido do noso pasado, permitiron comezar a elaborar un relato, que pretende ser o primeiro paso dun proceso encamiñado á recuperación e reivindicación da historia de cada unha delas.

Reflexións sobre a participación no proxecto

Na mesa de traballo realizada no marco da avaliación, a reflexión xirou en torno a varios temas:

- Sobre a presenza de ACPP: apuntouse a que a mesma quedou diluída ao ser un proxecto no que a entidade foi parte como unha participante máis e non en sinerxía coa entidade que a deseñou e desenvolveu, 7H Cooperativa Cultural.
- Sobre o proceso: A nivel de proceso foi interesante, cos seus retos ao tratarse dun traballo colectivo.
 - A premisa básica era a de visibilizar ás mulleres de Compostela que tivesen vinculación con profesións. Nas diferentes sesións de traballo realizadas, o equipo chegou á conclusión de que no marco da invisibilización vencellada ás profesións femininas había algunhas que estaban aínda máis invisibilizadas, como é o caso do sector industrial da cidade.
 - O equipo decidiu rescatar que Santiago foi unha cidade industrial, que tiña industria localizada no centro da cidade e que dentro delas participaban moitas mulleres. Este feito supón que nesa época, os anos 60-70, había unha lectura de xénero: recursos propios, traballo produtivo... rachando co espazo público-privado.
 - Durante o proceso houbo dificultades xa que non existían recursos bibliográficos – documentais sobre o tema. A sorte do proxecto é que fai referencia á historia contemporánea e moitas mulleres están vivas e se puido falar con elas e tamén darlles o feedback de que a súa experiencia é historia: Elas son historia.
- Sobre a valoración: O equipo de ACPP valora que foi un proceso moi bonito. Para o equipo dinamizador o proxecto comezou a coller sentido ao facer contacto coas mulleres. Como resultado favorable do proceso destacan que a partir deste proceso e as entrevistas as mulleres de Geife xuntáronse a partir da entrevista.

IOV-3.7.: Realizada unha presentación pública do proceso creativo.

- 👇 *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación, mesa de traballo e entrevista a persoal técnico de ACPP.*

A presentación pública do proxecto tivo dous momentos:

- **Work in progress**, do 25 de outubro ao 21 de novembro de 2022.

Despois do traballo colectivo entre os meses de xuño e outubro para deseñar e executar de forma colaborativa cada unha das 5 iniciativas. Nesas semanas a sala de exposicións do Auditorio de Galicia foi lugar de traballo para os cinco colectivos de produción e montaxe. Calquera persoa puido achegarse a observar os procesos de traballo e conversar con comisarias e creadoras. Durante este período a sala estivo aberta ao público no horario habitual.

- **Mostra que recolle o resultado do traballo**, do 22 de novembro de 2022 ao 15 de xaneiro de 2023.

A inauguración da mostra tivo lugar o día 22 de Novembro de 2022 no Auditorio de Galicia. Esta mostra estivo aberta ata o 15 Xaneiro do 2023.

A continuación amosamos algunhas imaxes da mesma:



IOV-3.8. (antes IOV-2.6.): Realizado un encontro entre artistas salvadoreñas e galegas.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación, mesa de traballo e entrevista a persoal técnico de ACPP.*

■ **Encontro “Artivismo feminista: arte para transformar”**

A xornada celebrouse o sábado 13 de novembro de 2020 no Centro Xove de Creación Cultural da Almáciga en Santiago de Compostela. O encontro foi pensado e desenvolvido como un espazo para a reflexión e a creación colectiva entre as artistas feministas salvadoreñas Mercy Mulato (de Colectiva Feminista), Yezli MIC e Queen (de Hip Hop femenino El Salvador) e as creadoras galegas.

O encontro constou de dúas partes: unha primeira de escoita das experiencias de El Salvador seguida da apertura dun espazo dinámico e de construción colectiva para pensar conxuntamente sobre que é o artivismo, que elementos debe ter, para que serve ou se é “exclusivo” da mocidade, entre outras cuestións.



■ Outras actividades relacionadas:

Así mesmo, tamén se produciron outra serie de actividades no marco da visita que posibilitaron o encontro entre artistas salvadoreñas e galegas. Así, sinalamos a visita do grupo de Hip Hop Feminino do Salvador ao Colectivo Feminista de Catoira a través da realización dun concerto o 2 de abril de 2022.



Por outra banda celebrouse un faladoiro con Yezli Mic e Queen no Salón de Graos da Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña en colaboración co Punto de Información Colexial do CEESG na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

Deste xeito, obsérvase como a visita do colectivo do Sur foi aproveitado en diferentes espazos para crear mecanismos de traballo en rede e sensibilización con colectivos feministas, proxectos artistas feministas que formaron parte da cartografía e coa Universidade.

IOV-3.9. (antes IOV-2.7.): Cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita ou radio) reportando o encontro de artistas.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Revisión de documentación e de redes sociais.*

Numerosos medios deron conta da estadía de Yesenia Karmelina Martines – Yezli Mic – e Jennifer Alisson Rivas – Queen Mc – cantantes, compositoras, activistas feministas e integrantes ambas da colectiva “Hip Hop en femenino”.

A continuación, incluimos algún dos enlaces ás aparicións en medios de comunicación:

🌿 **El Salto Diario**



El progreso

EL PROGRESO 115 Aniversario

LUGO AMARIÑA A CHAIRA RIBEIRA SACRA SARRIA DEPORTE GALICIA GENTE FIRMAS PODCAST & TV

COMARCAS

El escudo contra la violencia de género se empuña con el hip hop

Las raperas Jennifer Rivas y Yesenia Martínez relatan en centros educativos la lucha que realizan en El Salvador por los derechos civiles



Yesenia Martínez (@suculencia) y Jennifer Rivas posan en la terraza del hotel Méndez Núñez. SEBAS SENAÑDE

ALBERTO TEJUEIRO ALDARIZ 05/ABR./22 PUBLICIDAD

Galiciaxa

TERRACHÁXA

LUGOXA AMARIÑAXA TERRACHÁXA SARRIAXA RIBEIRASACRAXA

O hip hop feminista chega Lugo, A Pastoriza e Monforte da man de dúas rapeiras de El Salvador

30 Marzo, 2022



EDUCACIÓN LEMOS MONFORTE

El hip hop feminista llega a Monforte de la mano de dos raperas de El Salvador

Será el próximo miércoles 6 de abril de 12:35 a 14:15 horas, en el IES A Pinguela

Por Diario de Lemos - marzo 30, 2022 12: 28pm 👁 842 🗨 0

🌿 **Reporte en prensa escrita de La voz de Galicia**



Indicadores suprimidos logo da solicitude de modificación:

IOV-3.6.: Elaborada unha axenda feminista en coordinación cunha organización feminista aliada.

IOV-3.7.: Realizada unha presentación pública da axenda feminista nalgún espazo de incidencia social.

As actividades vinculadas con estes dous indicadores foron modificadas na reformulación do proxecto. A razón da súa supresión ten que ver coa coordinación co Observatorio da Mariña pola Igualdade, colectivo co que se iniciara a colaboración no marco do “Elas deciden” 2020. Na identificación do proxecto, o Observatorio amosara interese e vontade de participar da elaboración da Axenda. Porén, ao retomar o contacto no marco de execución do proxecto, esta colaboración xa non era posible, o que motivou a reformulación e modificación destas dúas actividades.

PARADA R4

Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

O que se planificou

Indicadores

IOV-4.1.: Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo.

IOV-4.2.: Elaborada liña de base.

IOV-4.3.: Fortalecido o equipo técnico do proxecto.

IOV-4.4.: Realizado plan de comunicación.

IOV-4.5.: No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram.

IOV-4.6.: Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto.

IOV-4.7.: No remate do proxecto, garantidas as posibilidades de continuidade e sustentabilidade do mesmo.

Consideracións xerais de partida na liña de base

En relación a visibilidade...




- ↓ A comunicación segue a ser unha pata fundamental deste proxecto. Así, parte dos esforzos e do tempo se destina a visibilizar e comunicar o que se está a facer, grazas a colaboración dunha experta en comunicación.
- ↓ A estratexia de comunicación seguirá a liña de traballo de 2020 focalizando o traballo no impacto nas redes sociais e nos medios de comunicación. Dado que os resultados deste eixo son positivos na edición anterior do proxecto hai unha boa liña de traballo iniciada e hai captación de poboación obxectivo. Aínda así, recoméndase fortalecer a estratexia de redefinición e fortalecemento do *target* para lograr alcanzar perfís diversos que representen ao alumnado da UDC, o novo colectivo que se suma neste ano.

En relación a sustentabilidade...








- ↓ Cómpre destacar que a equipa técnica que se presenta para esta edición é practicamente compartida á do ano 2020. A persoa coordinadora de ACPP é a mesma, polo que o eixo central do traballo técnico mostra continuidade e experiencia. Ademais, as equipas externas son tamén as mesmas agás unha delas que se encargará en incorporar o eixo de traballo máis artístico.
- ↓ Para lograr a coordinación e a consecución desa visión integral do proxecto, prevese un encontro entre todas as profesionais no ecuador da execución, e así facer unha valoración sobre os grandes logros e retos identificados.
- ↓ A liña da creación da cartografía social é clave nesta liña, xa que esta será unha ferramenta fundamental para garantir alianzas e a creación dunha rede colaborativa sólida para o futuro.
- ↓ Nesta liña de base identifícase a necesidade de medir o grao de satisfacción e opinións das persoas participantes das actividades e das aliadas profesionais que forman parte do equipo. Soamente sabendo como se sinte o proceso e como se recibe, poderemos reconfiguralo para logra a súa sustentabilidade.

O que se fixo

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:	
	Indicador conseguido
	Indicador conseguido parcialmente
	Indicador non traballado

Cadro resumo

Logro	Indicadores
	IOV-4.1.: Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo.
	IOV-4.2.: Elaborada liña de base.
	IOV-4.3.: Fortalecido o equipo técnico do proxecto.
	IOV-4.4.: Realizado plan de comunicación.
	IOV-4.5.: No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram.
	IOV-4.6.: Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto.
	IOV-4.7.: No remate do proxecto, garantidas as posibilidades de continuidade e sustentabilidade do mesmo.

Detalle

IOV-4.1.: Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Mesa de traballo.*

Dous elementos imprescindibles para realizar o seguimento de calquera proxecto son a coordinación e a comunicación. Así quedou reflectido na mesa de traballo onde participaron a coordinadora técnica e diferentes aliadas de Elas Deciden. Neste espazo reflexionouse sobre diferentes aspectos para mellorar a comunicación, coordinación e o seguimento do proxecto por todas as partes implicadas do proxecto:

- Crear canles de comunicación entre as persoas que forman parte da equipa, sen que toda a información teña que centralizarse na figura de Raquel.
- Iniciar o proxecto celebrando xuntanzas (remuneradas) do conxunto da equipa para lograr transmitir a integralidade do proxecto.
- Fortalecer o “enfoque de dereitos” e o de “cultura de paz”: dúas perspectivas imprescindibles para o ED.

IOV-4.2.: Elaborada liña de base.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Documento de liña de base elaborado*

A liña de base foi elaborada por Arabías S.Coop.Galega en xaneiro de 2022.

IOV-4.3.: Fortalecido o equipo técnico do proxecto.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Mesa de traballo*

Elas Deciden caracterízase pola súa integralidade e globalidade. Para lograr dito carácter é necesario contar coa participación de diferentes aliadas que teñen un perfil especializado e diverso, e sobre todo, precísase contar con axentes do local e do Sur Global. Este perfil de proxecto complexiza a súa execución, xa que require un elevado nivel de coordinación e comunicación.

Neste plano, este indicador responde á mellora desta necesidade. Para logralo este Elas Deciden impulsou un encontro de traballo en setembro de 2022 son varios obxectivos. Por unha banda, fomentar o coñecemento mutuo e a comunicación entre as aliadas técnicas; e por outro, traballar no seguimento e avaliación do proxecto.

A mesa de traballo tivo unha moi boa acollida e resultados interesantes. Neste mesmo espazo coincidiuse en que é necesario seguir apostando por estes encontros dende un carácter formal e remunerado. Ademais chegouse á conclusión que esta mesma dinámica poderíase ampliar ás aliadas do Sur, para así fomentar a conexión e a coordinación a nivel técnico.



IOV-4.4.: Realizado plan de comunicación.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Mesa de traballo*

O Plan de Comunicación foi realizado ao inicio do proxecto, nas reunións iniciais mantidas entre Xiana Iglesias Villaverde, a profesional externa coa que conta o proxecto para a xestión da comunicación, e o equipo de ACPP.

Na mesa de traballo onde participou a técnica de comunicación recolléronse diferentes impresións que teñen que ver co traballo de comunicación ao longo de toda a execución do Elas Deciden.

Por unha banda, en ocasións a comunicadora conta cunha sensación de que se está “contando sempre o mesmo”, debido á concentración de actividades nun período moi curto de tempo. Por outra, todas as actividades requiriron un gran esforzo a nivel de convocatoria e difusión para lograr os niveis de participación demandados, isto non ocorreu sempre así o que provoca certa presión e frustración para a comunicadora.

O grupo de traballo que formou parte do encontro destacou que a claridade e o tratamento da imaxe en base a códigos éticos por parte de ACPP é unha gran fortaleza. Neste sentido, a comunicación do Elas Deciden deste ano conseguiu os seus tres obxectivos básicos: comunicar, sensibilizar e incidir politicamente.

Ademais, valórase como necesario repensar a comunicación do proxecto, partindo desde unha visión máis xeral e procurando descargar a coordinadora do proxecto de todas as tarefas, posibilitando unha relación máis directa entre comunicadora e as diferentes aliadas do proxecto.

IOV-4.5.: No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Mesa de traballo, revisión de documentación*

Na diferente documentación revisada, observamos como no remato do proxecto Elas deciden 2020, ACPP Galicia contaba cunha comunidade de 369 persoas seguidoras na súa conta de instagram. Ao remate deste proxecto, ACPP

conta cun total de 625 persoas seguidoras, producíndose un aumento de 256 persoas e superando as expectativas previstas inicialmente.

Estes datos amosan como a estratexia de comunicación e de redes seguida pola entidade está tendo efectos positivos de cara á difusión e sensibilización do proxecto así como de captación de público obxectivo para as diferentes actividades organizadas pola entidade.

IOV-4.6.: Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto.

A avaliación externa do proxecto foi elaborada por Arabías S.Coop.Galega ao longo do proxecto. Os resultados amósanse neste informe de avaliación.

IOV-4.7.: No remate do proxecto, garantidas as posibilidades de continuidade e sustentabilidade do mesmo.

↓ *Fontes de información do traballo de campo: Mesa de traballo, Revisión do plan de comunicación*

- N° de aliadas desagregadas por sector ou ámbito (movementos sociais, entidades feministas, colectivos artísticos, ONGD, asistencias técnicas...)

Entidades feministas	2
Proxectos feministas	3
Proxectos artísticos / artistas feministas	2
Colectivos feminsitas do sur	3
Asistencias técnicas	5
Outras entidades públicas	1

- **Nivel de satisfacción das aliadas coa súa participación no proxecto.**

Na mesa de traballo realizada onde participaron diferentes aliadas do proxecto mostrouse un alto nivel de satisfacción co Elas Deciden.

■ ***Nivel de satisfacción das persoas participantes.***

Nas diferentes formacións realizadas no proxecto elaboramos formularios de avaliación. En todas as ocasións as persoas participantes mostraron un alto nivel de satisfacción, así como se expón en indicadores do R1 e do R2.

■ ***Nivel de participación nas actividades***

O contexto actual vén marcado por dúas situacións que condicionan a participación. Por unha banda, a participación viuse debilitada a partir da pandemia; e por outra, no ámbito social existe unha sensación de actividades que se solapan ou que se dirixen ao mesmo tipo de colectivos.

No marco do Elas Deciden, en xeral a participación está resultando complicada, especialmente a determinados perfís, así como por exemplo o persoal docente masculino. Neste edición destaca a ausencia de participación na formación programada para axentes claves da cooperación internacional no marco da UDC.

4. CARA ONDE CAMIÑAR

(Conclusións)

A continuación amosamos unha descrición do momento actual do Elas deciden, unha planta que expande as súas ramas, as súas follas na procura dos seus obxectivos.

As súas ramas medraron e apareceron froitos, estes foron aos que miramos con atención para valorar os puntos fortes e febles deste camiño que representou este 2022 para o Elas Deciden.

Arabías quere aportar aquí auga que axude a que esta planta continúe o seu ciclo de vida e o faga con certezas que axuden a ACPP a colleitar os froitos esperados que serán alimento para todas nós.



As raiolas que dan luz *Elas deciden* para que medre...

RESULTADO 1

Mellorados os coñecementos e actitudes do profesorado sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

- ↓ Este resultado tiña como público obxectivo prioritario o profesorado. Na liña de base marcábase unha intencionalidade: chegar en maior medida a docentes homes, para así sensibilizar a aqueles que poidan ter menos formación ou sensibilidade con este tema. Finalmente, foi imposible lograr este obxectivo de partida, a formación chegou en maior medida a mulleres e a unha diversidade de profesionais do ámbito social. Alén disto, esta avaliación e o espazo conxunto de reflexión que se promoveu, facilitou a construción de diferentes propostas para resolvelo no futuro, e así poder desenvolver actividades que garantan un maior impacto no persoal docente. De cara o futuro recoméndase seguir estas propostas de mellora para achegarse en maior medida aos docentes, e especialmente aos homes.
- ↓ A formación desenvolveuse igualmente con éxito, un resultado que queda palpable a través dos resultados do formulario que cubriron a maior parte das participantes. Obsérvase un nivel de incremento dos coñecementos en diferentes bloques temáticos que foron marcados como prioritarios na formulación do proxecto e nesta liña de base. Así mesmo, o nivel de satisfacción das participantes é moi elevado. Neste punto, de cara o futuro é recomendable seguir a apostar por este tipo de formacións cun modelo de metodoloxía activa e vivencial.
- ↓ *Elas Deciden* é un proxecto vivo que goza de capacidade á hora de adaptarse ás mudanzas e aos imprevistos. A elaboración dunha infografía para substituír a actividade da actualización da guía didáctica é proba disto. A partir do feedback do profesorado, a equipa técnica reformula esta actividade para conseguir unha ferramenta máis adaptada e útil.

RESULTADO 2

Fortalecidas as capacidades de axentes chave no ámbito da cooperación internacional con enfoque de xénero.

- ↓ Este resultado foi o máis feble a nivel de execución e de consecución de resultados. Neste senso, é necesario para o futuro establecer novas estratexias que garantan chegar a axentes chave do ámbito da cooperación internacional. Certo é que a participación está sendo un reto no contexto Post Covid19, mais sería ben interesante para o futuro indagar previamente cos axentes claves que formato de formación podería interesarlle, e tamén se fora máis estratéxico a creación doutras ferramentas ou apostar por outras vías coma as de sensibilización.
- ↓ En relación á formación centrada en creatividade para a transformación social, conseguíronse todas as metas. Neste plano, é demostrable que traballar con aliadas do Sur que contan con ampla experiencia, coma as formadoras de “Otra Escuela”, é garantía de que se vai conseguir conformar grupo. Recoméndase no futuro seguir por esta mesma liña.

RESULTADO 3

Contribuído á sensibilización e incidencia social sobre feminismos e dereitos das mulleres a través tanto do activismo como doutras accións.

↓ Este resultado tiña por obxectivo contribuír á sensibilización e incidencia social e dereitos das mulleres a través de dúas liñas de traballo complementarias:

→ A liña de traballo vinculada co activismo foi identificada na liña de base como un dos grandes retos ao tratar de achegar á realidade galega as aprendizaxes do Sur tanto á hora de abordar cuestións relacionadas co enfoque de dereitos, como á hora de traer novas maneiras de abordalo como son o activismo.

Por unha banda, consideramos que é necesario destacar o gran esforzo realizado tanto polo equipo de ACPD como polas aliadas das que se acompañou para o desenvolvemento das tres accións: encontro entre artistas salvadoreñas e galegas, campaña divulgativa sobre activismos e elaboración dunha cartografía social sobre activismos. Así mesmo, cabe destacar tamén o cumprimento de todos os indicadores.

Pola outra, consideramos que é necesario facer referencia a certas cuestións que se identificaron na mesa de traballo compartida:

⚙ No referente ao traballo nos activismos: na liña de base identificouse que este termo que provén do Sur, pode interesar a colectivos vencellados ao mundo da arte e da cultura ou a colectivos feministas. Partindo da base de que ACPD non é unha entidade especializada en arte e cultura e tampouco un colectivo activista, isto podía supoñer e supuxo dificultades para ser considerada parte da rede na que o termo activismo pode ter boa acollida.

⚙ No referente á Cartografía Social: valórase a necesidade de dar continuidade no futuro *Elas Deciden* por un exercicio de

responsabilidade. A participación foi baixa o que pode deberse, por unha banda, ao sinalado no punto anterior e, pola outra, ao feito de non entenderse entre o público obxectivo a finalidade da cartografía. Valórase que tanto as os colectivos especializados en arte e cultura como os activismos puideron sentir unha intromisión por parte de ACPP nun eido non propio.

- Na outra liña de traballo vinculada desenvolvéronse dúas accións: a proxección do documental sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos en República Dominicana “Garantía de vida” e a participación nun proceso colectivo e artístico “Utópicas. Arte e territorio”, que veu a substituír á actividade prevista na formulación inicial (elaboración dunha axenda feminista en coordinación cunha organización feminista aliada que finalmente non puido realizarse).

Sobre estas accións, cabe destacar dous puntos: por unha banda, a rede de aliadas coa que conta ACPP e a sinerxía que establece con elas, o que facilita a boa acollida e desenvolvemento de actividades como a proxección do documental, que xa resultara un éxito no Elas deciden 2020. Pola outra, a capacidade de adaptación aos imprevistos que van xurdindo durante a implementación do proxecto, neste caso a imposibilidade de poder realizar a axenda, e que dan conta de que o mesmo é un proxecto vivo.

Así mesmo, no referente ao proxecto “Utópicas. Arte e territorio” consideramos que sería interesante que ACPP puidese posicionarse non só como unha participante máis senón poder ter algún tipo de vinculación coa entidade que o desenvolve para aportar o seu expertise e poder garantir que o seu papel non quede diluído.

RESULTADO 4

Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

En relación a visibilidade...

- ↓ Tal e como se identificou na liña de base, a comunicación resultou ser unha parte fundamental do proxecto. Así, parte dos esforzos e do tempo se destinou a visibilizar e comunicar o que se está a facer, grazas á colaboración de Xiana Iglesias, experta en comunicación
- ↓ A estratexia de comunicación posibilitou a estabilidade e madurez das redes sociais da entidade en canto a público e tipo de contidos. Como destaca Xiana, as persoas seguidoras son fieis aos contidos de ACPP e responden ás actividades propostas sobre todo, relacionadas co ámbito da cooperación e o feminismo.


En relación a sustentabilidade...

- ↓ É notable coma todas as reflexións obtidas no marco da mesa de traballo van orientadas cara mellorar a comunicación e a coordinación entre todas as aliadas e técnicas do proxecto. Neste sentido este compoñente resulta básico para camiñar cara a sustentabilidade do proxecto. É destacable que o desenvolvemento da propia mesa de traballo foi un paso no camiño cara este obxectivo.

5. A MODO DE PECHE

(Recomendacións)

A partir do traballo de campo e a análise da información elaboramos un esquema onde expoñemos as maiores conclusións. Neste apartado recolleamos as aprendizaxes de todo o proceso da nosa planta para aportar raiolas de luz que axuden a que *Elas deciden* poda afianzar as súas raíces e florecer cada primavera. Gran parte destas aprendizaxes para *Elas deciden* beben da mesa de traballo compartida polas diferentes voces que foron parte do proxecto. Xuntas, fiáronse sentires e pensares que agora se recollen en modo de raiolas.





O Elas deciden é un proxecto....



Que trata de traer ás aprendizaxes do Sur ao Norte tanto á hora de abordar cuestións relacionadas co enfoque de dereitos, como á hora de traer novas maneiras de facelo como son o artivismo. Isto supón un marco que aposta polo decolonialismo feminista, tratando de escapar ás lóxicas coloniais situando ás persoas do Sur como referentes e incorporando expresións e propostas para a revisión.



Que funciona “porque te move e te remove”.



Vivo que require de actualizacións constantes para adaptarse á realidade.



O Elas deciden necesita

Definir o seu marco de traballo para:



Definir un fío condutor que contribúa a dar unión a todo o proxecto. Por momentos, pode parecer que hai actividades e accións que camiñan nunha dirección que non acaba de fiar co resto do proxecto, polo que é necesario traballar nesta liña para que o proxecto funcione como un todo ben engraxado.







Seguir traballando:

- Desde o Enfoque de dereitos como algo diferencial de ACPP
- Cun marco de educación para a paz – cultura de paz
- Con Dereitos Sexuais e Reprodutivos. Valórase como moi potente e algo no que ACPP foi punteiro, a abordaxe das violencias sexuais desde a Educación Afectivo Sexual nas aulas.



As paradas do camiño

No referente ás actividades que se desenvolven no proxecto:

-  Valórase como importante no proxecto seguir a manter o equilibrio entre as actividades “confort” de ACPP, isto é, unha tipoloxía de actividades que a entidade leva desenvolvendo ao longo da súa traxectoria (exemplo: actividades documentais sobre os proxectos que a entidade desenvolve no Sur) e a incorporación de novas actividades e de novos retos.
-  Manter as visitas do Sur xa que funcionan (son un elemento que ademais entronca coa identidade de ACPP, é un elemento que adoita estar presente nos proxectos de EpD que realizan).
-  Poñer en valor as formacións de balde así como indagar previamente cos axentes claves que formato de formación podería interesarlle para garantir que as actividades que vaian nesta liña podan desenvolverse cun número mínimo de inscricións. Neste senso, tamén se valora que naquelas formacións dirixidas á comunidade educativa se fai necesario empregar canles institucionais para garantir a súa participación (Consellería de Educación).
-  Dificultade para introducir novos “vocablos” como son Artivismo. Neste senso, é necesario valorar se o feito de facelo pode contribuír a alcanzar os obxectivos fixados ou desvía esforzos que non contribúen a facelo.



As aliadas

Para o Elas deciden, as aliadas do proxecto son unha das súas grandes forzas. As reflexións para mellorar a súa implicación e con ela a consecución dos obxectivos do proxecto son as seguintes:



Valórase que podería ser interesante que o proxecto fose compartido coas aliadas desde o inicio, desde a propia identificación do mesmo. Desta maneira, apostaríase por facer **copartes** ás entidades/persoas que forman parte do proxecto para que se impliquen e sintan que son parte. Nesta liña, tamén se apuntan a diferentes medidas para conseguilo:

- Valorar e remunerar ás aliadas en todas as fases do proxecto. Neste senso, podería seguirse o modelo do proxecto da entidade *Escolas sen Racismo*, no que as xornadas de traballo están previstas na propia formulación do proxecto e son remuneradas.
- Traballar para establecer relacións que se manteñan no tempo, non algo puntual.



Retos e dúbidas sobre os que seguir pensando

As raiolas de luz non sempre implican dar claridade, senón tamén enunciado novas preguntas que axudan a seguir reflexionando, pensando e camiñando cara ao futuro. Situamos aquí eses claro-escuros, partindo da premisa de “*Ser conscientes do lugar que ocupa ACPP como entidade e do que é*”.



A entidade ten claridade sobre cal é o papel de ACPP abordando os Dereitos Sexuais e Reprodutivos. Neste senso, ACPP traballa desde unha perspectiva de dereitos, entendendo a Educación Afectivo Sexual como parte dos dereitos. Porén, hai menos claridade sobre cal é o papel de ACPP cando dialoga cos activismos. Isto leva a que sexa necesario establecer un marco na entidade ao redor das seguintes cuestións:

- Cal debe ser o rol de ACPP no activismo?
- Como establecer alianzas co activismo?



Como sinalamos nas reflexións do R3, ACPP ao non é unha entidade especializada en arte e cultura e tampouco é un colectivo feminista activista, o que supuxo dificultades á hora de traducir os esforzos postos neste tipo de accións nunha boa acollida das mesmas. Polo que, a pregunta a facerse é:

- Cal debe ser o rol de ACPP abordando o *artivismo*?
- Podería axudar camiñar da man de entidades que si están especializadas no mundo do arte? E nos activismos?



Unha das necesidades que se identificaron sobre o proxecto e á cal acabamos de facer referencia é a de definir un fío condutor que contribúa a dar unión a todo o proxecto.

- Poderían ser os Dereitos sexuais e reprodutivos o fío condutor?
- Debería centrarse todo o proxecto niso?